

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

DECRETO 139/2022, do 21 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023.

O artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas destas festas de ámbito estatal, as comunidades autónomas teñen facultades de opción e tamén as poderán substituír, cando haxa festas estatais que coincidan con domingo, incorporando outras da comunidade autónoma que lles sexan tradicionais.

Conforme o referido anteriormente e facendo uso das facultades de opción e substitución, óptase polo 25 de xullo, festa de Santiago Apóstolo, como Día Nacional de Galicia. E por coincidir en domingo o día 1 de xaneiro, Aninovo, substitúese polo día 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, na súa virtude e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e un de xullo de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Festas laborais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023*

De non se producir modificacións no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 serán as seguintes:

6 de xaneiro	Epifanía do Señor (Día de Reis)
6 de abril	Xoves Santo



7 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Natividade do Señor

As festas mencionadas terán carácter obrigatorio e non recuperable.

Artigo 2. *Festas locais*

Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da Comunidade Autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3. *Cómputo de prazos*

De acordo co que dispón o artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas no artigo 1 terán o carácter de días inhábiles para os efectos do cómputo de prazos.

Disposición derradeira primeira. *Comunicación ao Ministerio de Traballo e Economía Social*

Do disposto no presente decreto darase traslado ao Ministerio de Traballo e Economía Social antes do 30 de setembro de 2022.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto producirá efectos desde o día 1 de xaneiro do ano 2023.

Santiago de Compostela, vinte e un de xullo de dous mil vinte e dous

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

